

Suplemento
realizado
por ADEGA



Quinta feira,
14 de febreiro
de 2018
Número 19

**Caderno de
análise sobre
ecoloxismo
e o ambiente
en Galiza.**
Coordinación:
Manuel Soto
Castiñeira

Colaboracións: Martiño Nercellas, Xosé Salvadores, Belén Rodríguez, Ramsés Pérez, Fins Eirexas.



Xa van 14 anos celebrando en Galicia campionatos de caza do raposo, provinciais, galego, estatal... uns 90 desde 2011, en datos da Xunta. Cada ano bátense entre 12.000 e 13.000 raposos, sen incluír a caza furtiva. Unha competición que ten máis de masacre animal que de deporte, pois organízanse co único obxectivo de matar o maior número de raposos.

O ecoloxismo di basta xa aos campionatos de caza do raposo

ADEGA / Redacción

Xunto con outros colectivos ecoloxistas e de protección animal, así como entidades diversas, ADEGA pronunciouse un ano máis contra os campionatos de caza do raposo, polo que son en si e pola forma de proceder das entidades organizadoras e da propia administración. A demanda de prohibición destas prácticas extremas é xa un clamor, ao tempo que aumenta a repulsa social pola caza no seu conxunto.

Hai xa máis dun ano que o Parlamento galego instou a Xunta, por unanimidade, a desmarcarse das competicións de caza, deixando de participar e eliminando o financiamento que lles presta. Os colectivos ecoloxistas e outras organizacións

reclaman o cumprimento deste mandato parlamentario, e tamén reclaman transparencia en relación coas datas e lugares onde se van celebrar novos campionatos, como prevención dos evidentes riscos que xeran. ADEGA denunciou que a Federación Galega de Caza (FGC) oculte esta información só coa intención de evitar concentracións de repulsa. Solicitou da Xunta que se anulen as futuras competicións, que poñen en risco a seguridade das persoas e que son autorizadas en contra de criterios de conservación ecolóxica e interese social.

Información carente de rigor científico, caduca e de parte

ADEGA denunciou que a Xunta vén asumindo sen máis os postulados da FGC ao dar por boa a teoría da

superpoboación, atendendo a un estudo de parte, realizado precisamente por un directivo da FGC. No estudo, a estima de abundancia resulta negada, con moita imprecisión, partindo dun deseño mostral baseado nun único criterio e non o máis apropiado. Os datos foron obtidos a partir das cacerías realizadas en probas da propia FGC. Así, os cálculos ofrecen serias dúbidas metodolóxicas por carecer de homoxeneidade no deseño da toma de datos, pola mostraxe anárquica e por un esforzo censal totalmente desigual entre cada unha das probas consideradas, proporcionando proxeccións e/ou escenarios que non permiten comparar series temporais nin espaciais. Os resultados carecen de fiabilidade estatística para

>> *Continúa na páxina seguinte*



>> Vén da páxina anterior

extrapolar ao conxunto da poboación de raposo no territorio galego.

Son, polo demais, estimas correspondentes ao período que vai de 2006 a 2008, polo que deben ser considerados caducos, precisamente pola forte presión cinexética exercida sobre o raposo nos anos seguintes e até a actualidade. Segundo a propia Xunta, entre o 2011 e 2017 teríanse abatido arredor de 75.000 raposos no noso país. Cómpre salientar que o momento elixido para os campionatos é o máis sensíbel para a especie, pois as femias xa se atopan en período de xestación. Outro punto de incumprimento da lei de caza, ao atender contra a protección, conservación e aproveitamento ordenado dos recursos cinexéticos.

A asociación ecoloxista tamén pon sobre a mesa a necesidade de que os estudos que manexa a administración para xestionar o patrimonio natural deberían realizarse co maior rigor e obxectividade posíbel, dun xeito independente dos posíbeis intereses cruzados que poidan incidir sobre as decisións administrativas. No caso da xustificación técnica usada para autorizar estes masacres, é inevitábel a suspicacia xerada, xa que o máximo responsábel dos estudos, aínda sendo un investigador académico, está directamente vencellado ao mundo da caza e de feito vén ocupando cargos

directivos de primeiro nivel nas federacións provinciais de caza. Ademais a día de hoxe exerce de vicepresidente da área cinexética da FFC. Convértese así en 'xuíz e parte' nos estudos chave para a autorización destes "campionatos" pola Xunta.

Ignorar as recomendacións do Parlamento Europeo sobre a borreliose

Tendo en conta a advertencia feita polo Parlamento Europeo ao respecto de impulsar medidas preventivas e de profilaxe fronte a expansión epidemiolóxica da enfermidade de Lyme, a borreliose, ADEGA considera necesario destacar o importante papel ecolóxico que ofrecen

Segundo a propia Xunta, entre 2011 e 2017 teríanse abatido arredor de 75.000 raposos no noso país.

especies coma o raposo para actuar preventivamente no monte fronte a borreliose. A administración non debería minusvalorar esa importante contribución natural: o raposo cumpre unha función biolóxica de vital transcendencia nos nosos montes, mantendo a raia as poboacións de pequenos mamíferos, sobre todo roedores, e consecuentemente tamén ás súas carrachas, que transmiten esta enfermidade tan perigosa para o ser humano.

Caza e a seguridade cidadá

Para ADEGA a administración actúa de forma irresponsábel ao permitir que este tipo de eventos se poidan celebrar sen a oportuna publicidade e comunicación, polos riscos de protección da cidadanía. Unha forma de risco para o que os poderes públicos teñen confiada a protección civil, entendida como unha actuación preventiva que favoreza a autoprotección da cidadanía. A cidadanía ten dereito por lei a ser informada dos riscos que poidan afectar ás persoas e das consecuencias preventivas. Xa que logo, é irresponsábel que unha administración permita a ocultación dun "evento" como os campionatos de caza, que comportan claros riscos para a cidadanía.

A desaparición da caza deportiva

Xosé Salvadores

Historicamente os cazadores galegos non foron como os do resto da península. Sen cotos privados, con todo o que isto representa, a caza foi aquí unha actividade máis socializada, onde se cazaba fundamentalmente como recurso alimenticio, cando coellos, lebres, perdices ou pombos poboaban esta terra con grandísima implantación.

E, falando de cazadores galegos, teño que amosarlles o meu respecto por non perseguir o lobo ata o exterminio, e non poñer prezo á cabeza do noso gran depredador, algo que si fixeron noutros territorios.

Para min hai tempo que a caza, xunto coas corridas de touros e a monarquía española, están chamadas a desaparecer. Non acreditaban en min, pero o certo é que para as corridas de touros xa empezou a conta atrás; os Borbóns, sen a convivencia do poder e dos medios de comunicación, téñeno difícil; e a caza deportiva tamén ten os anos contados. A caza deportiva desaparecerá baixo o principio de que non nos podemos divertir a conta de animais que sofren. A sorte está botada.



Hai xa máis dun ano que o Parlamento galego instou a Xunta, por unanimidade, a desmarcarse das competicións de caza.

Imaxes: Mary Rosy Espinel Vallejo.

Xosé Salvadores é membro da Xunta Directiva de ADEGA.



1

— Día Mundial dos Humidais

O pasado 2 de febreiro, Día Mundial dos Humidais, ADEGA organizou unha xornada de voluntariado ambiental en Razo-Baldaio para a eliminación de flora exótica invasora en colaboración co DXPN da Xunta de Galicia e o apoio do Concello de Carballo. As especies exóticas invasoras son unha das principais causas de extinción de biodiversidade no planeta. O obxectivo da xornada foi o de divulgar a problemática das especies invasoras e actuar sobre elas.



2

— “Unha invasión silenciosa. A biodiversidade baixo ameaza”

A exposición recolle en trece paneis diferentes aspectos da problemática das especies exóticas invasoras. Que son, cal é a súa orixe, que implica unha bioinvasión, cales son os principais ecosistemas afectados, cales as especies máis comúns, e que podemos facer para atallar este problema. Ed. ADEGA. +Info: ver Contidos. (<http://www.adega.gal>). Pódese solicitar gratis: telf. 981 57 00 99 /616 23 80 50. Correo-e: ramses@adega.gal



3

— Reforestación participativa no Monte da Fraga

Realizada pola equipa de educación ambiental de ADEGA, con esta xornada de voluntariado ambiental continuou o proxecto de reforestación participativa no Monte da Fraga, sita no campus da Zapateira da Universidade da Coruña, entre as facultades de Ciencias e Filoloxía. A actuación tivo lugar o 7 de febreiro e alén de plantar outras especies autóctonas, tratouse de crear unha sebe de loureiros que protexan o espazo da estrada que o rodea. A xornada completouse co coidado e posta en valor da charca construída anos atrás nese mesmo espazo, dentro do proxecto Charcas con Vida, e incluíu o estaquillado de salgueiro nas súas marxes.

Actualidade ambiental en imaxes



4

— O centro de interpretación dos Parques Naturais: unha metáfora dos espazos protexidos galegos

Un *mamotreto* de formigón en ruínas desde 2012 na chaira de inundación do Miño en Ourense ilustra perfectamente a situación de abandono e desleixo do noso patrimonio natural. Esta obra non só é outro cadáver urbanístico máis deixado nas beiras do Miño pola crise e a burbulla inmobiliaria: serve como imaxe simbólica do actual estado de abandono e desleixo dos espazos naturais galegos, e da miopía dos responsábeis públicos que prefiren investir en eco-mausoleos antes que en educación ambiental.

— Ecoloxistas e conservacionistas piden á Xunta que non autorice a tiroliña na Ribeira Sacra

A Sociedade Galega de Ornitoloxía, a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), o Grupo Naturalista Habitat, o Grupo Local SEO-Pontevedra, Verdegaiia, a Asociación Ecoloxista Anduxía, Amigos da Terra e ADEGA solicitaronlle á Dirección Xeral de Patrimonio Natural a non autorización do proxecto de construción dunha tiroliña entre ambas marxes do río Sil. A recente declaración dunha ampla zona da Ribeira Sacra como BIC (Ben de Interese Cultural) por parte da Xunta, a fin de impulsar a súa integración na Lista de Patrimonio Mundial e a declaración como Reserva da Biosfera, resulta incompatible coa esta instalación, ao causar unha degradación visual e paisaxística.



5



6

— Touroleaks III: Cobre San Rafael propón facer un parque temático da contaminación mineira

Na documentación da empresa en resposta ás graves deficiencias sinaladas polos colectivos sociais e os informes da Xunta seguimos atopando datos sorprendentes. Desta volta trátase dunha rocambolesca proposta que, da man do profesor Felipe Macías, pretende, facendo da necesidade virtude, crear o “primeiro parque de estudo de organismos extremófilos”. Semella unha brincadeira, mais non o é. Semella que case debemos agradecer a Cobre San Rafael o ácido e os metais pesados vertidos durante anos dende a explotación, porque deste xeito podemos investigar bacterias primitivas e contribuír ao estudo da vida extraterrestre.

ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web (www.adega.gal) e participa nos grupos activos ou faite socia/o.

Imaxes: Google Streetview, Google Maps e ADEGA.

«Os campionatos de caza do raposo deberían suspenderse. É unha actividade a desterrar»

Para **Martiño Nercellas**, biólogo e vogal de biodiversidade de ADEGA, estes campionatos son un auténtico disparate e atópanse totalmente ao marxe do que sería unha práctica cinexética sostíbel. Razóns de conservación da biodiversidade e interese social, mesmo sanitario, lévano a reclamar a súa prohibición.



Belén Rodríguez

É o momento de dicir basta?
Estes campionatos non se sosteñen nin desde o punto de vista ético nin cinexético, son un disparate á marxe do que sería unha práctica cinexética sostíbel. A Federación aposta por eles, pois subxace tamén un interese recadatorio por ingresos que en boa medida proceden de axudas públicas da Xunta.

Están estes campionatos amparados pola lei de caza de Galiza?

Coa lei na man cabe interpretar que non. Non cumpren cun principio de caza sustentábel, nin cunha ordenación cinexética equilibrada na que se considere o estado da poboación, ou se axuste aos cupos de captura autorizados. O esforzo de caza con centos de cazadores é desproporcionado.

E cal pode ser o efecto desta caza sobre a poboación?

Cazar 75.000 raposos, só desde 2011, é mesmo sorprendente. Irracional. Non se pode desprezar as consecuencias ecolóxicas disto, pois o raposo non é un elemento neutro

na natureza, ten un papel ecolóxico coma carnívoro regulador de pequenos animais. Debería estudarse o efecto rebote e o alcance de tan grande cantidade de capturas sobre a ecoloxía trófica do medio, pois estase a xerar innecesariamente un escenario que invita ao caos e a unha desorde na natureza, do que outros organismos acaban beneficiándose, e propíciense condicións moi favorábeis para a proliferación de determinadas enfermidades.

Refíreste á enfermidade de Lyme, a borreliose?

Si. Está causada pola bacteria da borreliia, presente nunha especie de carracho, que vive en diferentes hóspedes. As ninfas destes carrachos forman agregados que tratan de infestar roedores, lagomorfos, ou aves, especies que, por outra

banda, son habituais presas do raposo. Eliminar raposos alí onde haxa carrachos infectados vai en favor da expansión da borreliia. O aumento actual da borreliia apréciase polo incremento de casos clínicos rexistrados, e Galiza aparece entre as zonas de alta incidencia.

Que incidencia pode ter esta enfermidade?

O mesmo Parlamento Europeo advirte sobre a súa expansión, e fala de epidemia para moitas rexións. Só o gasto sanitario no tratamento pode superar os 350 millóns de euros. Deberíase ter moi en conta a contribución gratuíta que ofrecen especies coma o raposo fronte esta enfermidade.

Como está o raposo a nivel poboacional na Galiza?

A pesar do que algúns defenden, non hai estimas oficiais sobre o tamaño poboacional. Supoño que a administración poderá contar con certa aproximación sobre tendencias anuais por provincias, de tratar sistematicamente os datos de capturas dos TECORES, polo menos para advertir escenarios por comarcas. Pero se hai esa información non é pública. O que non vale é xustificar unha poboación en base a un estudo con datos de hai 10 a 12 anos, obtidos exclusivamente das capturas nos campionatos de caza.

Cal debería ser o futuro destes campionatos?

Deberían suspenderse. É unha actividade a desterrar se queremos mellorar a calidade ambiental do noso territorio e do rural.

Belén Rodríguez é vogal de comunicación de ADEGA.

Na imaxe, **Martiño Nercellas**, biólogo e vogal de biodiversidade de ADEGA.